

## A ESCOLA NORMAL SUPERIOR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. DIFICULTADES E LOGROS NOS PRIMEIROS ANOS DE FUNCIONAMENTO (1849-1858)

Anxo Serafín Porto Ucha  
Universidade de Santiago de Compostela

### Resumo

O Real Decreto de 30 de marzo de 1849 reorganizaba as Escolas Normais ao tempo que reducía o seu número considerablemente. En Galicia desaparecían as Escolas Normais da Coruña e Pontevedra e mantíñanse como elementais as de Lugo e Ourense. Pola nova regulamentación, establecíanse Escolas Normais Superiores nas capitais dos Distritos Universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior da Universidade Literaria de Santiago de Compostela.

Esta é a razón de que lle adiquemos estas páxinas ás dificultades e logros nos inicios do primeiro centro normalista na capital compostelá, co motivo do 150 aniversario da súa creación. Inclúense datos sobre documentación de arquivo, instalacións e arranxos, persoal docente e empregados, vida interna do centro e alumnos nos primeiros cursos de funcionamento (1849-1858).

**Palabras clave:** Escolas Normais Superiores, Educación Normalista, Formación Inicial de Mestres, Maxisterio Galego

### Abstract

Under the publication in 1849 of the Royal Decree dated March 30, the Schools of Education in Spain were institutionally reorganized at the time they were considerably reduced in number. The School of Education in Corunna and the one in Pontevedra were suppressed, keeping the ones in Lugo and Ourense at an elementary institutional level. The new regulation established the category of High School of Education in those capital cities of university districts. This is the way in which the High School of Education of the Literary University of Santiago was born.

For this reason, and considering the fact of its 150 anniversary, the aim of the present paper deals with those difficulties and gains which arise from the first steps followed in the development of the first school of education at the capital city of Compostela. We include records from the library's archives, data about emplacement and arrangements, teaching body and auxiliary employees, as well as ordinary academic life and students, all of them concerning the first academic years of this institution (1849-1858).

**Key words:** High Schools of Education, Teacher education, Initial teacher education, Galician teaching profession.

## Introducción

Durante o pasado curso académico 1997-98 participamos varios membros da Universidade nunha comisión provisional para a elaboración dunha proposta de Regulamento do Arquivo Universitario na súa condición de Arquivo Histórico. Aproveitei a estancia na sede do Arquivo, na rúa das Casas Reais, para facer unha primeira achega á documentación catalogada sobre os inicios da Escola Normal Superior de Santiago. Quedaba aínda entón moita non disponible, por motivos de traslado. Adiqueille máis tarde un tempo, no mes de xullo, á análise minuciosa do material accesible sobre o particular. Todo isto no contexto do meritorio interese por celebrar o 150 aniversario da creación do primeiro centro normalista galego de distrito, preocupación impulsada tamén polo equipo Decanal da Facultade de Ciencias da Educación, na que están hoxe integrados os estudos dos títulos de Mestre.

Ademais da importancia que o estudio das Escolas Normais ten para o coñecemento das realidades educativas e para a comprensión da evolución do pensamento pedagóxico, mergullarse na intrahistoria das mesmas é achegarse tamén ás historias provinciais ou locais. Aproximámonos, así, á denominada historia social. Ou, se queremos, á microhistoria, como unha das últimas tendencias. Consideramos que o traballo pode ser unha aportación máis pola nosa parte, dentro do contexto doutras investigacións sectoriais realizadas con anterioridade, ao estudio histórico das Escolas Normais de Galicia -que no seu conxunto segue a ser unha materia pendente- e, en xeral, da formación do profesorado, onde estes centros destacaron durante moito tempo como os case únicos adicados a esta tarefa.

Dentro dun proxecto máis amplo, utilizamos basicamente a técnica de exploración documental de arquivo, xunto á consulta dalgúns textos de carácter normativo. Coa documentación ao alcance, reducindo a escala de observación a un estudio intensivo, é posible historiar algúns feitos relevantes do Centro ata a chegada da Lei Moyano<sup>1</sup>. Para o período posterior, en que,

---

<sup>1</sup> • Da Sección Libros de Arquivo, son de especial interese para a historia do período 1849-1858 os números seguintes:

- A 327. *Diario de la Esc. Normal. Santiago (1849-1858)*
- A 337. *Esc. Normal. Libro diario de caudales (Depositaria, 1849-1858)*
- A 339. *Libro de Cuentas de la Esc. Normal. Santiago (1849-51)*
- A 341. *Hacienda. Gastos e ingresos de la Normal. Santiago (1849-1858).*
- A 342. *Libro de matrículas y pruebas de curso de las Escuelas normales del distrito Universitario de Santiago (1849-58)*
- A 351. *Esc. Normal. Consejos de Disciplina (1849-1852)*
- A 352. *Esc. Normal. 3º Copiador de Oficios (1849-52)*
- A 353. *Esc. Normal. 1º Copiador de Oficios (1852-1858)*
- A 354. *Esc. Normal. 2º Copiador de Oficios (1852-1858)*
- A 362. *Esc. Normal. Copiador de Nóminas (1849-1858)*

ademais das xa en marcha, volven a crearse ou a poñerse por primeira vez en funcionamento o resto das normais masculinas e femininas nas capitais de provincia, depéndese en boa maneira da documentación procedente da antiga Escola Normal de Santiago, ubicada na súa derradeira andadura como Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB na Av. Xoán XXIII. Por esixencias de espazo, adiantamos hoxe soamente algúns datos, que poden considerarse complementarios aos ofrecidos neste mesmo número polo doutor Costa Rico.

## 1. Instalación da Escola Normal. Primeiros pasos na procura dun edificio

O Art. 10 de Regulamento de 15 de maio de 1849 indicaba que se procurase colocar as Escolas Normais en edificios propios do Estado, facendo neles as obras necesarias para a súa completa habilitación. Estas obras serían por conta da provincia; pero as de conservación correrían a cargo dos concellos, segundo previña o Real Decreto de 30 de marzo; mesmo a R.O. de 2 de abril, que dictaba varias prevencións co obxecto de preparar a máis expedita execución da reforma das escolas normais, mobilizaba aos Rectores nunha serie de pasos a seguir cara ao cercano mes de setembro, en que deberían entrar en funcionamento.

Anque o tema do edificio podería parecer de non moita importancia, trátase dunha preocupación que se herda no tempo (o problema non é para nós alleo hoxe en día, coa realidade da Facultade de Ciencias da Educación en edificios separados). Unha análise da literatura sobre a implantación das Escolas Normais permite recoñecer a problemática común. Esta precariedade nas condicións materiais nas que se levou a cabo os inicios da formación

- 
- A 363. *Esc. Normal Libro de Nóminas (1849-1858)*
  - A 364. *Esc. Normal. Libro de cuenta de Depositaria (1849-1857)*
  - A 401. *Copiador 1º de Órdenes de la Superioridad (1851-1860)*
  - A 428. *Índice de Reales Órdenes (1848-1861)*
  - A 441. *Libro 5º Copiador de Oficios. Correspondencia (1858-1861)*
  - A 455. *Libro 6º Copiador de Informes (1848-51)*
  - A 456. *Libro 7º Copiadores de Informes (1851-53)*
  - A 457. *Libro 8º Copiadores de Informes (1853-56)*
  - A 458. *Libro 9º Copiadores de Oficios (1856-1858)*

• Da Sección Serie Histórica destacamos os seguintes:

- Mazo antigo 65. Moderno, 74. *Cuentas Esc. Normal (1852-58)*
- Mazo antigo 65. Moderno, 75. *Cuentas Esc. Normal (1852-1858)*
- Mazo antigo 65. Moderno, 76. *Cuentas Esc. Normal (1849-58)*

normalista, constatámola en Galicia; en Pontevedra, coa radicación das Escolas Normais (de mestres, en 1845; de mestras, en 1860) no ex-convento dos Xesuítas<sup>2</sup>; en Lugo, que Prado Gómez sitúa na súa inauguración oficial en 1842 “seguramente en locais do ex-convento de A Nova”<sup>3</sup>. Contamos cun amplo comunicado do Rector ao Director Xeral de Instrucción Pública, do 20 de xaneiro de 1850, onde lle di que “el local que se ha destinado para la de Lugo ofrece poquísima comodidad porque además de estar situado al N. en una calle estrecha y casi siempre obstruida por carros y caballerías y colocada encima de unos almacenes de sal, carece de habitaciones (...)”; e o Director do Instituto de Ourense -referíndose á Escola Normal daquela cidade, creada tamén a comezos dos anos corenta- queixábase de que “aunque el Gobierno concedió para local de la Escuela el ex-convento de Sto. Domingo, ni se aprobaron presupuestos ni se hizo trabajo alguno”<sup>4</sup>.

A solución adoptada na cidade do Apóstolo non foi das máis malas. Ao menos, dende a perspectiva da situación do edificio, podémola considerar de privilexio. Así e todo, tróuxolle máis dun crebacabezas ao Rector de entón, D. Juan José Viñas. Baralláronse en principio dous antigos colexios: o de San Xerome e o de Fonseca; ao final, optaríase polo primeiro.

Con data 13 de xuño, o Rector, diante da urxencia do Ministerio de que nun prazo de 15 días manifestase as dilixencias practicadas, propón:

- 1º) Que se instale en Santiago a comisión provincial de instrucción primaria, quedando por tanto suprimida a que existe na Coruña.
- 2º) Que se autorice para colocar a Escola Normal nun dos edificios que foron colexios de Fonseca e de S. Xerome, propios da Universidade.
- 3º) Que formado o presuposto das obras de habilitación do local, e de adquisición de pertenzas, con acordo do Xefe Político ou na súa delegación do Xefe civil e do Director da Escola Normal Superior, se remita ao Xefe Político para que dos fondos provinciais se entregue a suma necesaria ao efecto, ou se resolva de que fondos han de satisfacerse os gastos<sup>5</sup>.

<sup>2</sup> Véxase o noso traballo anterior, *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*, Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1994, pp. 35 e ss.

<sup>3</sup> Antonio Prado Gómez, “Unha visión do sistema educativo no primeiro liberalismo: 1842-1868”, *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*, Lugo, Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, 1994, p. 29. O autor aporta máis datos en “La instalación de la Escuela Normal provincial y su papel educativo”, na súa obra *La Diputación provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*, Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1990, pp. 83-99.

<sup>4</sup> ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (en adiante, A.H.U.S.), Sección Libros de Archivo, A-352. Esc. Normal, 3º Copiador de Oficios (1849-52), fols. 28v-30v.

<sup>5</sup> *Ibidem*, Oficio nº236.

As présas derivaban dunha R.O. do 3 de xuño, urxindo no sentido sinalado. Constatámolo nun informe remitido o mesmo 13 de xuño, onde o Rector volve a insistir nas dificultades nomeadas e aporta como solución que o Goberno dispoña que a comisión local de instrucción primaria aumente co prescrito para as provinciais e que sexa a de Santiago a que exerza as funcións sinaladas para as de esta clase nos novos Regulamentos de Escolas Normais<sup>6</sup>. De todos modos, noutro oficio remitido ao Ministerio con data 19 de xuño dá conta das “conferencias habidas con el Gefe (sic.) superior político”, onde a comisión provincial “puede quedar en La Coruña”. Neste mesmo oficio comúncalle ao Ministro que “reconocidos los locales, hemos convenido en el que puede dedicarse para aquel establecimiento” e que “solo necesito para plantear la escuela normal se me autorice para colocarla en las habitaciones que crea conveniente del Colegio de S. Gerónimo o Fonseca”<sup>7</sup>.

Non obstante, inclínase por San Xerome. Xa con data 10 de abril de 1849 o Rector dirixíase ao Ministro de Comercio, Xustiza e Obras Públicas (do que dependía daquela o ensino), sobre o informe solicitado ao respecto polo Xefe Político da provincia, do que xurdían varias dúbidas, entre elas a derivada de non ser a cidade de Santiago capital de provincia e de non existir nela, polo tanto, a comisión superior de instrucción primaria. Respecto ao edificio, sinalaba o Rector:

“En mi citado informe al Gefe político (...) manifesté la capacidad y buenas condiciones del local que podía destinarse a la escuela normal; es el antiguo colegio de S. Gerónimo, propio de la Universidad, en el cual se pueden colocar maestros, alumnos, internos, cátedras y demás dependencias de un establecimiento de esta clase”<sup>8</sup>.

Na contestación que o Rector daba o 15 de xuño á comunicación do Xefe Político, faise unha detallada descrición do edificio; chama a atención, sen embargo, o escaso valor arquitectónico que lle atribúa:

“Está situado este edificio en la plaza de la Constitución, centro de la población. Su mérito arquitectónico es escaso y no corresponde al de los otros tres grandes edificios que forman la citada plaza. La forma es un cuadro de 38 varas en hueco. En la planta baja hay tres grandes salas, cocina, refectorio espacioso, pero oscuro, habitaciones para el portero, cocinero y un mozo. En el piso principal en la fachada de la plaza hay habitaciones espaciosas y cómodas para Director y vicedirector y Maestros. En el resto

<sup>6</sup> A.H.U.S., Sección Libros de Archivo, A-455, *Libro 6º Copiador de Informes (1848-51)*, nº 236, fols. 86v-87v.

<sup>7</sup> A.H.U.S., A-352. Esc. Normal, 3º *Copiador de Oficios (1849-52)*, fols. 1-3.

<sup>8</sup> *Ibidem*, fols. 1-3

del colegio y en el mismo piso principal único que tiene pueden acomodarse perfectamente 30 alumnos internos, quedando piezas libres para Biblioteca, gabinetes y aun alguna cátedra, además de la que puede establecerse en la planta baja. En caso de necesidad puede darse todo el aumento que se quiera a este edificio, piezas del colegio de Fonseca al cual está contiguo y con el que es comunicable con la simple apertura de una puerta en una de las paredes que lo dividen”<sup>9</sup>.

Pero o colexio de S. Xerome carecía dunha leira para a práctica da agricultura. Na citada contestación que o Rector daba ao Xefe Político da Coruña lamentábase:

“Carece este edificio de un terreno adjunto que pudiera destinarse a lecciones de agricultura. Tiene un pequeño salido (...) que comunica con el colegio de Fonseca en que están colocadas las salas de disección y anfiteatro de Anatomía y que conduce también al jardín botánico. Habrá, pues, que buscarlo en otro punto de la población”<sup>10</sup>

Nembargantes, a solución albiscábase. Pouco despois, o Rector Viñas engadía:

“Debo ahora añadir que no habiendo contiguo al edificio más que un pequeño patio, se encuentra sin embargo cerca de él un terreno a propósito para la enseñanza de agricultura pudiendo aplicarse el que está cedido a la Sociedad Económica con este objeto que no ha realizado o a falta de esta una gran huerta aneja al convento de S. Martín que pertenece todavía al Estado”<sup>11</sup>

Este problema do terreo para a ensinanza da agricultura -aspecto innovador no Programa de estudos das Escolas Normais de 1849- quedaría efectivamente resolto co arrendo por parte da Universidade da “huerta de S. Martín y Bosque de San Francisco”, dos que se outorga escritura na persoa de D. Lorenzo de Brindis Villegas, apoderado das súas irmás dona Carlota e dona Plácida. O precio do arrendo ascendía a 5000 reais anuais, satisfeitos en trimestres de 1250 rs., a partir de 1851<sup>12</sup>.

<sup>9</sup> *Ibidem*. Hai que ter en conta que, daquela, o edificio de San Xerome non ofrecía o aspecto de hoxe en día.

<sup>10</sup> *Ibidem*.

<sup>11</sup> *Ibidem*.

<sup>12</sup> Respecto ao arrendo da horta, véxase o Libro A-362, *Copiador de Nóminas (1849-1858)*, fols. 40v e ss. Poden consultarse así mesmo o citado A-352, fols. 92v-94; A-364, *Libro de cuenta de Depositaria (1849-1857)*, fol 19 e A-455, *Libro 6º Copiador de Informes (1848-51)*, nº 214, entre outros posteriores.

Unha vez elixido o edificio, apremaban arranxos notables no seu interior. Non obstante atoparse “enteramente desocupado”, o que fora “colegio de artistas titulado de S. Gerónimo”, mantiñase aceptable na súa estrutura, aunque non no resto da fábrica, madeiras, etc. No seu informe, o Rector manifestaba:

“El estado del edificio en lo general es bueno; en sus paredes y en maderas mayores nada hay que tocar. La tablazón de los pisos está en algunos puntos bastante deteriorada. Esto unido a las obras interiores que hay que hacer para formar las habitaciones de los alumnos y dar más luz a algunos locales podrá hacer un gasto de 30 a 40 mil reales aprox.”<sup>13</sup>.

Atendendo ao disposto no art. 3º de Regulamento de 15 de maio de 1849, as escolas de prácticas que formasen parte das Normais servirían ao propio tempo de escolas públicas para os nenos do pobo en que estaban aquelas ubicadas. Con data 12 de agosto o Rector dirixíase ao Xefe civil Presidente do Ilmo. Concello da cidade para satisfacer parte dos gastos: “La escuela práctica para que sea digna de esta Ciudad y del establecimiento a que se agrega necesita que se invierta una cantidad que no baja de 15.000 rs. según el presupuesto firmado por el arquitecto D. Manuel de Prado”<sup>14</sup>. Sen embargo, nun parte mensual posterior constátase que a cantidade aportada polo concello rebaixárase considerablemente. Hai que ter en conta que estamos diante dunha mecánica na que participan principalmente a “Municipalidade” e a “Provincia”. Máis adiante, nun parte mensual do 4 de abril de 1850 dise que “las obras de la escuela práctica ya se finalizaron”<sup>15</sup>. De todos modos, as clases na Anexa á Normal non comezaron ata moi avanzado o primeiro curso. Nun oficio do 4 de setembro, lemos “El 15 de junio dio principio la enseñanza en la escuela práctica. Los niños admitidos hasta el número de 86 asisten con puntualidad. La escuela está dotada del menaje necesario y los locales perfectamente ventilados y aseados correspondiendo al objeto para que fue creada”<sup>16</sup>.

Respecto ao conxunto do edificio, os arranxos foron con máis lentitude. Velaquí os gastos contraídos con D. José Otero, Mestre de Obras<sup>17</sup>:

---

<sup>13</sup> A.H.U.S., Sección Libros de Archivo, A-352. Esc. Normal, 3º *Copiador de Oficios (1849-52)*, fols. 1-3.

<sup>14</sup> A.H.U.S., A-352, oficio do 12-8-1849.

<sup>15</sup> A.H.U.S., A-352, fol. 41.

<sup>16</sup> A.H.U.S., A-352, fol. 62.

<sup>17</sup> A.H.U.S., Serie Histórica, Mazo 74 (antigo 65), *Cuentas Esc. Normal (1852-58)*.

Ano	Mes	Día	Reás vell.	Concepto
1849	Agosto	31	6.000	Para gastos de habilitación de locales para la escuela normal superior de este Distrito.
1849	Decembro	17	5.826,7 <sup>18</sup>	Por el resto de las obras hechas.
1850	Marzo	27	12.000	Por el importe de las rematadas en el local de la escuela práctica.
1851	Novembro	30	1.201,11	Por el importe de las obras ejecutadas en el edificio de la escuela normal superior con cargo a las existencias de los fondos municipales de esta ciudad.

Estes datos poden contrastarse cos do *Diario de las cantidades recaudadas desde el 26 de julio de 1849*<sup>19</sup>, onde, entre outros gastos e ingresos, figura:

Data	Haber	Concepto	Debe
Agosto 49		Gefe político de prov. Coruña, a cargo de D. Antonio La Casa, Deposit. de los fondos provinciales, por medio de D. Fermín Rodríguez, encargado en esta ciudad Stgo., a favor del Deposit. de esta Univers. para las obras de reparación del Edificio que ha de servir para la Esc. Norm. Superior y adquisición de varios útiles para la misma, con aplicación al cap. 2º art. 2º del presup. provinc.	24.000
Agost.49	6.000	Satisfecho a D. José Otero, para gastos en la habilitación de locales para la ENS de este Distrito.	
Setbr.49	6.000	Satisfecho a D. Antonio de la Iglesia, Director de la EN para adquisición de enseres y efectos para dicha Escuela.	
Novb.49		Del Gefe Político Coruña, para obras de reparación del edificio de la ENS y para la práctica agregada a la misma, en calidad de reintegro en la parte que corresponde, y debe satisfacer el Ayto. para aquellas mismas obras.	10.000

<sup>18</sup> As fraccións veñen expresadas en marabedís. Lembremos que, pola reforma de 1848, creouse en España o sistema de *real de vellón*, equiparable a 34 marabedís. Nos libros de arquivo consultados, os marabedís figuran en díxitos máis pequenos colocados a unha altura maior, sen coma. A partir de xaneiro de 1856 consta xa o sistema en céntimos; sen embargo, mantivéronse os reás ata a aparición da peseta, co decreto de 19 de outubro de 1868.

<sup>19</sup> A.H.U.S., Serie Histórica, Mazo 76, *Cuentas Esc. Normal (1849-58)*.

Data	Haber	Concepto	Debe
Dec. 49	5.826,7	Satisfecho a D. José Otero, Maestro de Obras, por resto de las obras hechas en la EN.	
Marz.50	12.000	A D. José Otero, remate obras de habilitación local escuela práctica.	
Novb.51	1.201,11	Satisfecho a D. José Otero, de las obras ejecutadas de reparación del edificio de la escuela normal.	

Aínda o 5 de xaneiro de 1857, o rector Viñas remitía ao Ministerio de Fomento un presuposto extraordinario das obras que era indispensable executar no edificio da Escola Normal “para que pueda quedar de una vez en el buen estado que debe estarlo un Seminario para Maestros de Instrucción primaria de Distrito”. Sinalaba que o presuposto de 1849 ascendía a 42.936 reás, 6 marabedís, dos que o Ministerio fixera soamente unha remesa de 34.000, polo que “hubo que dejar por hacer algunos reparos que entonces se podrían realizar con sola aquella suma [8.936 reás 6 marabedís] y que hoy después de siete años no solo son como es consiguiente de mayor coste, sino que vinieron a hacerse de urgente necesidad”<sup>20</sup>.

## 2. Algúns datos sobre persoal docente e empregados do establecemento

De acordo co R.D. de 30 de marzo de 1849 e Regulamento de 15 de maio do mesmo ano, así como doutras disposicións posteriores, aportamos algúns datos sobre o persoal da **Escola Normal Superior da Universidade Literaria de Santiago de Compostela** (con este nome hai varias cabeceiras de impresos). Cubrimos o espacio de tempo ata finais de 1858, segundo a documentación ao alcance no momento da consulta<sup>21</sup>. Os datos son firmes entre setembro de 1849 e novembro de 1853; logo é difícil de asegurar a exhaustividade, principalmente debido ás substitucións, aunque contamos cun Libro de Nóminas que nos di a situación en outubro de 1858<sup>22</sup>. A finalidade desta especie de relatorio é ofrecer información, non exenta nalgúns casos de

<sup>20</sup> A.H.U.S., A-353, Esc. Normal, *1º Copiador de Oficios (1852-1858)* [hai un erro na catalogación; obsérvese que, en realidade, debería ser o segundo libro], nº 119.

<sup>21</sup> Datos tomados do A.H.U.S., A-339, *Libro de Cuentas de la Esc. Normal Santiago (1849-51)*; Serie Histórica, Mazo 74 (antigo 65), *Cuentas Escuela Normal (1852-58)*.

<sup>22</sup> A.H.U.S., A-363, Esc. Normal, *Libro de Nóminas (1849-1858)*, fol. 63.

<sup>23</sup> Véxase Manuel B. Cossío, *La Enseñanza Primaria en España*, Madrid, Fortanet, 1897, p.21.

análise interpretativa, para unha futura galería de Directores, profesores e demais persoal senlleiro do establecemento ao longo da súa historia.

*a) Persoal docente da Escola Normal Superior*

•**DIRECTOR E 1º MESTRE** (a lei denomínaos “mestres” e non “profesores”):

**D. Antonio María de la Iglesia**, con 10.000 reás anuais. Nomeado por Real Orde de 26 de maio de 1849, tomou posesión o 1 de setembro seguinte. Págaselle en mensualidades de 833 rs., 11 maravedís. Cesa o 9 de xaneiro de 1851 para pasar á Inspección. Non olvidemos que o propio R.D. de 30 de marzo de 1849 organizaba por primeira vez dun modo permanente a inspección primaria, creando un inspector en cada provincia e seis inspectores xerais<sup>23</sup>. Hai un oficio do 14 de febreiro de 1850, onde se remite unha instancia de D. Antonio de la Iglesia, solicitando unha praza vacante de Inspector xeral de instrucción pública; neste oficio, o Rector Viñas manifestaba que, ademais de reunir as circunstancias requiridas, “es acreedor a la gracia que solicita por su buena conducta e interés que manifiesta por la enseñanza”<sup>24</sup>.

**D. Francisco Sobrino**. Sustitúe ao anterior, con 10.000 rs. anuais, conforme ao R.D. de 30 de marzo de 1849. Nomeado o 28 de decembro, por permuta do anterior ao posto de Inspector. Tomou posesión o 10 de xaneiro de 1851. Págaselle a razón de 833 rs., 11 maravedís mensuais, agás entre xaneiro de 1852 e novembro de 1853, en que houbo unha baixa no soldo a razón de 8.000 rs. anuais (766 rs., 23 maravedís mensuais). Continúa en outubro de 1858.

•**2º MESTRE:**

**D. Juan Codina**, con 8.000 rs. anuais. Nomeado por Real Orde de 26 de maio de 1849, tomou posesión o 1 de setembro seguinte. Págaselle en mensualidades de 666 rs., 22 maravedís. Hai unha nota que di que en virtude da Orde da Dirección de contabilidade de 16 de abril de 1850, acredítanselle 7.000 rs. por fondos provinciais e 1.000 polos xerais de Instrucción Pública (marzo-xullo, 1850). A mesma Orde sinalaba que o Director cobraba por fondos xerais. Outra nota di que dende agosto de 1850 o 2º mestre cobra todo o haber por fondos xerais do Estado, por haberse presentado o 3º mestre. Noutro orde de cousas, anque relacionado co tema, sabemos que, por separación de Robustiano Pérez de Santiago do posto de 2º mestre na anterior Escola Normal de Pontevedra -con motivo da participación no levantamento de 1846- o presbítero Juan Codina fora promovido a aquel posto no centro pontevedrés o 13 de outubro de 1846, anque estaba xa ocupado interinamente na Normal de Pontevedra dende decembro de 1845<sup>25</sup>. Despois do paso de D.

<sup>24</sup> A.H.U.S., A-455, *Libro 6º Copiador de Informes (1848-51)*, Informe nº. 148.

<sup>25</sup> Véxase o noso estudio anterior, *Op. cit.*, pp. 48-51.

Castor Araújo y Alcalde como director da normal do Lárez (1845-47) e posteriormente desempeñado este posto por D. Manuel Anta<sup>26</sup>, o 18 de agosto de 1849 consta D. Juan Codina como Director da Normal de Pontevedra, ao referirse ao desmantelamento ao que foran sometidas as normais suprimidas para habilitar as estreadas recentemente. O oficio do Rector non pode ser máis expresivo: “Venda los objetos pertenecientes a las cátedras cuyo transporte a este sea muy costoso, según inventario que Ud. me remitió el 15 de junio último”<sup>27</sup>. Continúa como 2º Mestre en Santiago en outubro de 1858.

•**3º MESTRE** (de Agricultura):

**D. Pedro Fernández**, con 7.000 rs. anuais. Nomeado por R.O. de 26 de maio de 1849, tomou posesión o 1º de agosto de 1850. Cobra de fondos provinciais, con soldo mensual de 583 rs., 11 marabedís. Entre o 13 de marzo e o 25 de maio de 1855 encargouse da súa catedra (“Nocións de Física, Química e Hª Natural” e “Leccións de Agricultura”) **D. Miguel Sobrino Iglesias**<sup>28</sup>. En setembro de 1856 D. Pedro Fernández consta que tomou posesión da praza de Director da escola elemental de Guadalaxara. Abónanselle nese mes 486 rs., 10 marabedís<sup>29</sup>.

**D. Manuel Nieto Robles**. Substitúe ao anterior, nomeado según R.O. de 26 de novembro de 1856, con 7.000 rs. anuais. Toma posesión de 3º mestre de Agricultura o 24 de decembro de 1856<sup>30</sup>. Continúa en outubro de 1858.

•**ECELESIÁSTICO**:

**D. Pedro Bartolomé Casal**, profesor de Relixión e Moral, con 2.000 rs. anuais. Nomeado por R.D. de 30 de marzo de 1849, tomou posesión o 22 de setembro. Cobra a razón de 166 rs., 22 marabedís mensuais. Hai un informe do 3 de outubro de 1850, que se remite “con apoyo a una instancia documentada”, que D. Pedro Bartolomé Casal eleva á S.M. en solicitude

<sup>26</sup> Segundo escrito datado en Madrid o 24 de agosto de 1847, a Raíña promovera á praza de primeiro Mestre Director da Escola Normal de Pontevedra a D. Manuel Anta “que desempeñaba igual cargo en la de Orense” (ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, Sección *Instrucción Pública*, Mazo 107). Con posterioridade ao paso pola normal pontevedresa, a *Revista de Escuelas Normales*, vol. 5 (1927), pp. 102-103 sitúa a D. Manuel Anta en 1853 como Director da Normal de Osca, tendo desempeñado anteriormente dito cargo na de Conca e sendo trasladado en 1855 á Normal de Lugo. Nun oficio do 25 de maio de 1857 confirmámolo como Director da normal lucense (A.H.U.S., A-353, Oficio do 25-5-1857).

<sup>27</sup> A.H.U.S., A-352, 3º *Copiadador de Oficios (1849-52)*, Oficio do 13-8-1849. No A-337, *Libro diario de caudales (Depositaria, 1849-1858)* consta a liquidación, segundo arqueo verificado anteriormente, das cantidades remitidas por este concepto polas Escolas Normais de Pontevedra e Coruña: 4.495 rs., 12 marabedís (deducidos 45rs. 13ms. do xiro) no caso da de Pontevedra; 775 rs., 26ms. no caso da Coruña. Hai outro oficio do 13 de xuño ao Director da Normal da Coruña, onde lle pide tamén inventario de obxectos e enseres propios daquela escola.

<sup>28</sup> A.H.U.S., A-353, 1º *Copiadador de Oficios (1852-1858)*, fols. 121v. e 126v.

<sup>29</sup> A.H.U.S., A-363, Esc. Normal, *Libro de Nóminas (1849-1858)*, fol. 62.

<sup>30</sup> A.H.U.S., A-363, fol. 63.

dunha cátedra en propiedade de latín e castelán do 2º ano de Filosofía vacante no Instituto Adxunto á Universidade. O interesado encargábase destas leccións, por renuncia do catedrático propietario, D. Santiago Francisco Viqueira<sup>31</sup>. Noutro informe do 26 de abril de 1852 consta xa como “Catedrático de Latín y Castellano en el Instituto y de Religión en la Normal”; acompáñase unha instancia na que pide licencia para pasar a Valladolid a recibir o grao de Licenciado en Teoloxía<sup>32</sup>.

**D. Manuel Portela García**, conta como Mestre de Relixión e Moral en outubro de 1858.

*b) Persoal docente da escola práctica*

• **REXENTE** (1º Mestre da escola práctica unida á normal):

**D. Andrés Jacinto Suárez**, con 6.600 rs. anuais. Nomeado polo Alcalde Corrixidor do Ilmo. Concello de Santiago o 7 de setembro de 1849. Percibe os emolumentos por este establecemento dende o 1º de setembro de 1850. Cobra un soldo mensual de 550 rs. Continúa en outubro de 1858.

• **AUXILIAR** (da escola práctica):

**D. Francisco de la Iglesia**, con 3.300 rs. anuais. Nomeado polo Alcalde Corrixidor do Ilmo. Concello de Santiago o 18 de xuño de 1850. Percibe os emolumentos por este establecemento dende o 1º de setembro de 1850. Cobra un soldo mensual de 275 rs. de 1851 ata xaneiro de 1853. Hai unha nota onde di que en xaneiro de 1853 cobrou soamente 157 rs., 20 marabedís por 17 días, en que deixou de presentarse na Escola e con desconto dende o 15 ao 21, ambos inclusive, en que faltou sen a autorización competente. Nunha comunicación do 30 de marzo de 1853, o Rector quéixase ao Gobernador no sentido de que “habiendo sido agraciado el maestro auxiliar de la escuela práctica con una plaza en la Coruña”, solicitara xa do Alcalde corrixidor un substituto. Engade que “el enviado ya con retraso”, D. Andrés Varela Vereá, carecía aínda do título de mestre (estaba pendiente de conseguilo). O Rector solicita “se repare tan grave mal, ya que tuvo que asumir dicha carga el Regente”<sup>33</sup>.

**D. Andrés Varela Vereá**, con 3333 rs. anuais. Toma posesión o 16 de abril de 1853. Cobra a razón de 277 rs., 25 marabedís. En febreiro de 1854 aínda continuaba nunha situación de interinidade. No parte trimestral remitido o 2 de febreiro dese ano ao Ministerio de Gracia e Xustiza -de onde dependía agora o ensino-, o Rector informaba dos últimos exames na escola práctica, onde foran premiados pola súa aplicación e aproveitamento 19 nenos, dos que 7 pasaban da 1ª á 2ª sección, anque láíase da falta de orientación e moitas

<sup>31</sup> A.H.U.S., A-455, *Libro 6º Copiador de Informes (1848-51)*, Informes nºs. 4 e 6.

<sup>32</sup> A.H.U.S., A-456, *Libro 7º Copiador de Informes (1851-53)*, Informe nº 190.

<sup>33</sup> A.H.U.S., A-353, *Libro 1º Copiador de Oficios (1852-1858)*, Oficio do 30-3-1853.

prazas de pago vacantes. Segundo o Rector, a causa principal destas faltas era que “desde que en Enero del año pasado salió de la Escuela el auxiliar D. Francisco de la Iglesia, estuvo la 1ª Sección solo al cuidado de los alumnos de la Superior y después de algunos meses se encargó de ella interinamente D. Andrés Varela”. Engade que “mientras no se obligue al Ilmo. Ayuntamiento de esta ciudad a que la plaza en cuestión se proviste en efectividad, no puede esta desempeñarse como lo requiere una Escuela modelo como lo es la agregada a la superior. Así, pues, vuelvo a llamar la atención de V.E. sobre este punto tan delicado”<sup>34</sup>. D. Andrés Varela figura como alumno da Escola Normal de Santiago nos seus comezos, como pode comprobarse máis adiante.

**D. José Real.** Un Oficio do Rector ao Alcalde Constitucional de Santiago, do 24 de decembro de 1856, comunica que D. José Real y D. Fernando Fandiño aspiran á praza de auxiliar. Lémbrale que “este estado de prosperidad que se observa en la sección superior de la escuela desapareció de la primera desde la lamentable elección del profesor que acaba de cesar y que la tuvo interinamente a su cargo por un largo período”. Recomenda para este posto a D. José Real, “el mejor alumno de la clase de los externos que ha salido de la Escuela Normal desde su instalación”<sup>35</sup>. Permanece en outubro de 1858.

*c) Empleados*

• **CONSERXE-PORTEIRO:**

**D. Juan Toledo,** con 4.000 rs. anuais, conforme ao Regulamento de 15 de maio de 1849. Nomeado polo Rector. Cobra un soldo mensual de 333 reais, 11 marabedís. Hai unha nota que di que por R. O. de 15 de marzo de 1851 mandouse abonar a este interesado o soldo de 3.000 rs. en lugar dos 4.000 que disfrutaba, con efectos retroactivos dende o 1º de xaneiro de 1851 (250 rs. mensuais). Continúa en outubro de 1858.

• **COCIÑEIRO:**

**D. José Fandiño,** con 1.460 rs. anuais, conforme ao presuposto do establecemento. Nomeado polo Rector o 20 de setembro de 1849, tomou posesión o 1 de outubro. Cobra un soldo mensual de 121 rs., 33 marabedís ata o 30 de setembro de 1851 en que cesou por renuncia.

**Dª Josefa Clemenciano.** Substitúe ao anterior, con 600 rs. anuais, conforme ao presuposto do establecemento. Nomeada polo Director o 1º de outubro de 1851, tomou posesión o mesmo día. Figura entre outubro de 1851 e xullo de 1853, cun soldo mensual de 50 rs.

• **MOZO DE COCIÑA** (criado para a cociña):

**D. Félix Herrero,** con 960 rs. anuais, conforme ao presuposto do establecemento. Nomeado o 20 de setembro de 1849, tomou posesión o 1º de

<sup>34</sup> I.A.H.U.S., A-353, Oficio do 1-2-1854.

<sup>35</sup> A.H.U.S., A-353, Oficio do 24-12-1856.

outubro. Con anterioridade fora porteiro da Normal da Coruña, cun soldo de 125 rs. mensuais. Cobra un soldo mensual de 80 rs. entre outubro de 1849 e xullo de 1850, en que cesou.

**D. José Fernández.** Sustitúe ao anterior, con igual soldo. Nomeado o 31 de xullo de 1850, toma posesión o 1º de agosto. Hai unha nota que di que en virtude de R.D., dende o 1º de outubro de 1851 o soldo de 960 rs. que disfrutaba redúcese a 600 rs (50 rs. ao mes). Consta ata xullo de 1852.

**D. Manuel Calo,** consta, a razón de 600 rs. mensuais, entre setembro de 1852 a abril de 1853.

• MOZO-ASISTENTE (criado para o aseo e limpeza do establecemento):

**D. Bernardo Meigide** (sic), con 480 rs. anuais, conforme ao presuposto do establecemento. Nomeado o 20 de setembro de 1849, tomou posesión o 1º de outubro. Cobra un soldo mensual de 40 rs., ata o 30 de setembro de 1851 en que foi despedido.

**D. Manuel de la Iglesia.** Sustitúe ao anterior, con 600 rs. anuais. Nomeado polo Director o 6 de outubro de 1851, tomou posesión o mesmo día. Figura soamente en outubro de 1851, cun soldo mensual de 43 rs., 23 maravedís. Continúa en outubro de 1858.

### 3. Achegamento a vida interna do centro

Nesta sucinta análise do persoal docente e empregados dos comezos da Escola Normal Superior destacamos soamente -por limitacións de espacio- algúns aspectos de carácter administrativo e económico (nomeamentos, toma de posesión, cese, condicións económicas, etc.), que axudan a introducir o estudio desta Institución. Queda, por suposto, profundizar en moitas outras dimensións, sumerxirse na vida do centro, palpar a súa cultura, a administración interna, conflitos, etc.

Sabemos que o 31 de agosto de 1849 comunicaselle a D. Antonio de la Iglesia que ás doce da mañá do día seguinte ten que presentarse na Sala de Xuntas da Universidade para tomar posesión do seu destino. Ese mesmo día 1º de setembro ordénaselle que proceda a designar Secretario da Escola Normal e a formar unha proposta en terna para nomear Conserxe; pregúntaselle así mesmo que número de dependentes ou “domésticos” xulga indispensables para o servizo da Escola Normal. A partir de aquí, o traballo de Dirección desenvólvese con moita celeridade, non exenta de control.

Hai que tomar decisións sobre programas e libros de texto. O 16 de outubro, comunícalle o Rector:

“(…) conformándose en la propuesta de V. he acordado que mientras no se reciban los programas que se esperan del Gobierno se dé la enseñanza por los que han regido hasta ahora en la Escuela Normal de la Coruña,

serviéndose de los Libros de texto señalados en el curso anterior, aunque sin obligación por ahora a los alumnos para que los compren ni adquirirlos tampoco por cuenta del establecimiento<sup>36</sup>

Respecto aos empregados, obsérvese, por exemplo, a discriminación da muller (1460 rs. anuais do cociñeiro José Fandiño, fronte aos 600 de Josefa Clemenciano, que o substitúe); repárese, así mesmo, que o conserxe ten un soldo superior ao auxiliar da escola práctica. Habería, sen embargo, que ter en conta as funcións tradicionais encomendadas a aquel na institución universitaria. Valla como exemplo un parte mensual, correspondente ao mes de abril de 1850, onde se di que “para saber si los profesores asisten con puntualidad a sus cátedras he dispuesto que el conserje de la escuela [ENS] ejerza las funciones que al de la Universidad le están señaladas en el art. 158 del Reglamento general de estudios”<sup>37</sup>.

A mesma administración da horta arrendada para as prácticas de agricultura, a pesar do seu carácter innovador trouxo máis dunha preocupación, e houbo que separar do servizo ao mozo Martín Vázquez, por un fraude cometido<sup>38</sup>. E aínda quedaría o internado dos primeiros anos, coa participación das administracións provinciais no sostemento dos alumnos. Os chamados Seminarios de Mestres nacidos como internados a imitación dos Seminarios diocesanos, quedaban suprimidos como internados nas escolas normais elementais en 1849 e en 1853 suprimíanse todas as pensións para o alumnado dende o primeiro de xullo (obsérvese que na relación de empregados anterior, o persoal de cociña non figura contratado despois destas datas).

Para o control interior do establecemento (tanto do internado coma do comportamento nas aulas) ten que tomar decisións o *Consejo de Disciplina para la Escuela Normal*, “instalado” o 19 de outubro de 1849, e composto por:

- D. Narciso Zepedano, Alcalde Corrixidor
- D. José María Pesqueira, Xuíz de Primeira Instancia
- D. Antonio de la Iglesia, Director da Escola Normal
- D. Juan Codina, Catedrático da Escola Normal
- D. Bartolomé Casal, Catedrático da Escola Normal

Doctores:

- D. Domingo García Varela
- D. Joaquín Ferreiro

PRESIDE: Dr. D. Juan José Viñas (Rector)

<sup>36</sup> A.H.U.S., A-352, 3<sup>o</sup> Copiador de Oficios (1849-52), Oficio do 16-10-1849.

<sup>37</sup> A.H.U.S., A-455, Libro 6<sup>o</sup> Copiador de Informes (1848-51), Informe n<sup>o</sup> 231, correspondente ao 9 de abril de 1850.

<sup>38</sup> A.H.U.S., A-353, Oficio do 16-6-1853.

### 3.1. Os primeiros alumnos e algunhas consideracións finais

Respecto aos alumnos<sup>39</sup> durante o período estudiado, o Centro evolucionou con algunhas oscilacións (Tabla I). No acusado descenso da matrícula en 1º curso puido afectar a supresión das pensións a partir de 1853.

Tabla I  
**ESCOLA NORMAL SUPERIOR DE SANTIAGO**  
**Alumnos matriculados. Cursos 1849-50 a 1857-58**

Curso	1º	2º	3º	Materias soltas	Libres
1849-50	25		4	10	
1850-51	16	21		13	
1851-52	14	15	12	5	
1852-53	17	8	10	1	
1853-54	10	11	7	2	
1854-55	7	7	11		2
1855-56	8	6	4		
1856-57	10+1 <sup>40</sup>	7	6	1	
1857-58	11+3 <sup>41</sup>	10	5		

FONTE: Elaboración propia<sup>42</sup>

Relacionamos, xa para rematar, os PRIMEIROS ALUMNOS da Escola Normal, tendo en conta algunhas outras circunstancias ilustrativas do seu lugar de procedencia e idade:

Curso	Apelidos e nome	Idade	Natureza	Provincia	Diócese
1º	Aller Presas, Angel	18	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Antón López, Ricardo	19	Coruña	Coruña	Santiago
1º	Astray Caneda, Julio	18	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Barros Mondragón, Florencio	20	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Cisneros Pereyra, Luis	22	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Domínguez Campos, Joaquín	17	Pontevedra	Pontevedra	Santiago
1º	Erosa Fontán, Domingo	20	Arcos da Condesa	Pontevedra	Santiago

<sup>39</sup> Recordemos que o Centro foi masculino ata a entrada en funcionamento da Escola Normal de Mestras o 9 de marzo de 1931, en virtude do R.D. de 6 de decembro de 1930, segundo precisa Francisco R. Durán Villa en "O ensino da Xeografía na Escola Normal de Santiago durante a Segunda República", *Adaxe*, 6 (1990), p.34. Durán Villa, neste interesante traballo en que se ofrece tamén información sobre os inicios da Normal Superior de Mestres, aporta máis datos sobre os estudos para mestras no centro santiagués coa chegada do Plano de 1914.

<sup>40</sup> Conforme á Orde da D.I.P. de 18-2-1857.

<sup>41</sup> Conforme ás Ordes de 16-11-1857 e 31-12-1857.

<sup>42</sup> Datos tomados do A.H.U.S., A-342, *Libro de matrículas y pruebas de curso de las Escuelas normales del distrito Universitario de Santiago (1849-58)*.

Curso	Apelidos e nome	Idade	Natureza	Provincia	Diocese
1º	Espina García, José María	19	Ribadeo	Lugo	Mondoñedo
1º	Fandiño Díaz, Fernando	20	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Fernández Golpe, Andrés	25	Sta. Olalla de Viña	Coruña	Santiago
1º	Gómez Rosende, Emilio	20	Coruña	Coruña	Santiago
1º	Iglesias Camino, Vicente	18	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Iglesias Ferradás, Antonio M <sup>º</sup>	20	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Nemiña Durán, José	23	Duio	Coruña	Santiago
1º	Noya Iglesias, Gabriel	44	Grixoa	Coruña	Santiago
1º	Padín Castro, Diego Félix	19	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Pintos Otero, Manuel	20	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Romero Novoa, José Ramón	20	Lebosende	Ourense	Ourense
1º	Ruza Silva, Manuel	35	Ciquiril	Pontevedra	Santiago
1º	Salgado Rey, José Clemente	20	Ourense	Ourense	Ourense
1º	Sobrino Iglesias, Miguel Ruperto	22	Santiago	Coruña	Santiago
1º	Vázquez Barbeito, Benito	22	Beadé	Ourense	Ourense
1º	Vila Robles, José María	19	Pino	Lugo	Lugo
3º	Carmoega Rouco, José Ramón	22	Santiago	Coruña	Santiago
3º	Prado Lorenzo, Juan Luis	20	Pontevedra	Pontevedra	Santiago
3º	Río Lorenzo, Ventura	23	Santiago	Coruña	Santiago
3º	Rubido Andújar, Manuel	22	A Estrada	Pontevedra	Santiago

En total, 24 alumnos en primeiro curso, aos que se sumaría un máis posteriormente -Andrés Varela Vereá- e 4 alumnos en 3º curso para mestres superiores, procedentes con seguridade doutra escola normal. A eles habería que engadir os alumnos que cursan materias soltas por libre: 6 de debuxo lineal (4 alumnos de Santiago, 1 de Moimenta e 1 en San Miguel de Campo) e 1 alumno de Santiago, de 14 anos de idade (Tomás Berdiales y Troyteiro), que cursa as materias de Lectura e Escritura, Gramática Castelá, Aritmética e Xeografía (total = 7 alumnos con 10 materias soltas ).

Na primeira Acta das probas de curso, coas correspondentes calificacións, que incorporamos neste traballo da nova etapa de *Adaxe* na lembranza dos primeiros alumnos que comezaron os seus estudos nos inicios da Escola Normal Superior do Distrito de Santiago de Compostela no ano de 1849 a 1850, faltan tres: José Clemente Salgado Rey e Benito Vázquez Barbeito (había outro, Juan Prado García, que non figura nas Actas, pero que temos localizado con anterioridade como alumno da Normal de Pontevedra), que foran expulsados “para siempre” do establecemento polo seu mal comportamento, e Camilo Pintos Otero, do que descoñecemos a causa do seu abandono.

Como xa temos posto de manifesto noutros traballos, ademais da función instructiva, na que se acusan influencias ilustradas, cumprían as Normais unha misión moralizadora. Respecto ao primeiro, dáse incluso xa unha especie de contrasentido entre o pensamento do grande pedagogo liberal Pablo Montesino e o seu proceder público. No seu proposto *Reglamento de*

la Escuela normal Seminario Central de maestros de Instrucción Primaria, aprobado o 2 de febreiro de 1842, todo o título V está dedicado aos exames. Deste xeito, a maior parte dos esforzos van dirixidos nesa liña, co correspondente abandono das cuestións pedagóxicas. É verdade que a carencia duns coñecementos sólidos das diferentes materias que debían ensinarse nas escolas primarias, obrigaba a consagrar a maior parte do horario a cubrir esta lagoa<sup>43</sup>. Gómez Rodríguez de Castro busca tamén explicacións na necesidade de mostrar unha imaxe de acordo cos gustos dos eruditos e combater, así, a fama de ignorantes que tiñan de continuo os mestres<sup>44</sup>.

Con relación ao segundo, na configuración do novo sistema político derivado das reformas que os liberais acometeron ao longo do século XIX, o sistema escolar tiña a misión de moldear usos e costumes. A educación moral e a relixiosa adquiren agora un novo matiz no conxunto do currículo. Nese contexto, a disciplina escolar pasa a ser un elemento clave. Como diría o malogrado Lerena, o que chamamos *orde cultural* sucede ao *orde estamental* anterior<sup>45</sup>.

De aí o significado dos internados dos primeiros anos -nados a imitación dos seminarios eclesiásticos- e a propia organización interna das Escolas Normais. Non estraña, pois, que na primeira Acta do *Consejo de Disciplina para la Escuela Normal*, reunido o 18 de maio de 1850 con motivo do ocorrido entre varios alumnos internos, á marxe da maior ou menor gravidade dos feitos -producíranse alteracións de orde e inxurias a un compañeiro con funcións de inspector- figuran entre os considerandos aseveracións tales como “que este hecho reprobado por las leyes es más censurable en un joven, cuya carrera exige que profese las más sanas doctrinas morales y religiosas” e “que sus doctrinas [as destes alumnos] son poco conformes a la estricta moralidad de que deben estar adornados los aspirantes a Maestros de Escuela”<sup>46</sup>. Estamos, xa que logo, bastante lonxe dos procesos de socialización profesional aos que se ven sometidos na actualidade os alumnos e alumnas en formación.

<sup>43</sup> Véxase Julia Melcón Beltrán, *La formación del profesorado en España (1837-1914)*, Madrid, MEC, 1992, p. 191.

<sup>44</sup> Véxase Federico Gómez Rodríguez de Castro, “El currículo de la formación del maestro (El momento histórico de la creación de las Normales en España (1834-1857)”, *Historia de la Educación*, 5 (1986), p. 171.

<sup>45</sup> Véxase Carlos Lerena, *Escuela, ideología y clases sociales en España*, Barcelona, Ariel, 1976. 2ª edición de 1980, pp. 159-60.

<sup>46</sup> A.H.U.S., A-351, Escuela Normal, *Libro para los Consejos de Disciplina de la Escuela Normal Superior (1849-1852)*, Acta do 18-5-1850.

# Escuela normal Superior.

Pruebas del curso de 1849 á 1850. D.

1.<sup>er</sup> año.

<u>Nombres.</u>	<u>Calificaciones.</u>
Vitor y López D. Ricardo	Bueno.
Abray y Canada D. Julio	Suspense.
Aller y Besas A. Angel	Suspense.
Barras Montenegro D. Florentino	Mediano.
Caceres y Ercoria D. Luis	Mediano.
Dominguez y Campos D. Joaquín	Mediano.
Erera y Fontán D. Domingo	Mediano
Espina y Garcia A. Gregorio Maria	Bueno.
Fernandez Golpe D. Andrés	Bueno.
Fandino y Diaz D. Fernando	Mediano
García y Baranda D. <sup>ta</sup> Emilia	Mediano
Gilgarcía Samián D. Vicente	Suspense.
Gilgarcía Ferradas D. Antonio	Subsistente
Nemirra y Durán D. José	Suspense.
Noya y Mayor D. Gabriel	Mediano
Padín y Castro D. <sup>ta</sup> Diana Felis	Mediano
Pera y Silva D. <sup>ta</sup> Manuel	Mediano
Pera y Silva D. <sup>ta</sup> José Maria	Suspense.
Pomero y Xosé D. José Camón	Suspense.
Robredo y Gilgarcía D. Miguel Augusto	Subsistente
Traserra y Vera D. Andrés	Bueno
Vila y Pellos D. Gregorio Maria	Subsistente

ARCHIVO HISTÓRICO  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA